



BANDO

SITUACIÓN ACTUAL COVID-19

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA

Comunico a toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento, son 32 os casos positivos por Coronavirus COVID-19.

Durante o horario comprendido entre as 23:00 e as 6:00 horas, seguimos con mobilidade restrinxida en toda Galicia.

Xuntanzas restrinxidas a un máximo de 6 persoas, agás conviventes, actividades laborais, educativas e deporte federado.

Neste intre, Santa Comba non forma parte de ningunha das áreas de medidas máis restritivas, polo que haberá que seguir cumprindo os aforos do 50% e non se pechará a hostalaría (consumo sempre sentado e nas terrazas aforo ata 75%).

Por prudencia, precaución e responsabilidade, SEGUE SUSPENDIDA A FEIRA MUNICIPAL ATA NOVO AVISO.

Temos que seguir cumprindo cun comportamento exemplar as normas que nos indican as autoridades sanitarias.

A seguridade do noso Concello, depende de todos.

Santa Comba, 6 de novembro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García